



# REVISTA ESCOLAR esperpento



Nº 35 xuño 2015

"mañá primeira de maio  
mañá de encanto e ledicia  
xa se escoita a campolongo  
no idioma de galicia"



cep campolongo  
pontevedra



## SUMARIO

Editorial .....	1
O libro máxico .....	2
Petra e a cociña .....	3
O outono-O magosto .....	4-5
Dálle á lingua .....	6
Coa raqueta ao lombo .....	7
Os faros na costa .....	8
A ametista .....	9
A UNESCO debuxada .....	10-11
A Paz .....	12-14
Caddy-Adzuba .....	15
O Entroido .....	16
Personaxes para un conto .....	17
Quen é quen .....	18-21
Lectura recomendada .....	22-25
A camelia .....	26-33
Encontrei un soño .....	34
Os krens .....	35-37
O futuro das máquinas chega a Pontevedra .....	38
Maio 2015.....	39-41
Correlingua 2015.....	42
A casa encantada .....	43
Xosé Filgueira Valverde .....	44-48
Investigando as árbores .....	49
Orientación e patrimonio.....	50-51
Quero ir a Londres-Existencia .....	52
VI edición de xadrez .....	53
Pontenciencia .....	54-55
Bicicleta co medioambiente .....	56
Cóntame un conto .....	57
Baloncesteando .....	58-59
Galicia .....	60
Non teñas medo. O meu superheroe .....	61
Xornada Atlántica .....	62-63
Greguerías .....	64-65
Pasatempos .....	66-67
Memoria das actividades da ANPA.....	68





## EDITORIAL

O Equipo de Dinamización Lingüística do CEP Campolongo ten a satisfacción de poder dirixirse un curso máis a toda a Comunidade Educativa, presentando unha nova entrega da revista escolar Esperpento .

Con esta anovada edición recollemos os esforzos participados das nenas e nenos que coa colaboración do profesorado enchen de creatividade e de enxeño estas páxinas, no renovado compromiso de impulsar a nosa realidade educativa e lingüística desde este voceiro.

Priorizar un idioma minorizado é positivo para os que o falan e para os que non, a lingua precisa de prestixio e dunha presenza na escola que a dignifiquen, para que acadese dinamismo e medre. Dende o equipo cómprenos a responsabilidade e a obriga de contribuír a reverter a substitución lingüística que se esta a producir, propoñendo as medidas e os medios necesarios para superar os atrancos que sofre o galego, especialmente na oralidade.

Abordamos con incerteza o cambio educativo que promove a administración. Os requirimentos que nos formulan –ás veces de difícil xestión- preséntannos unha realidade complexa, onde semella primar a meritocracia.

Seguimos apostando pola escola pública. Poñemos en valor unha ensinanza eficaz e de calidade como garante da igualdade de oportunidades, favorecedora da inclusión e da convivencia , construída en base ao respecto e a tolerancia como piares dunha práctica educativa participativa, nun proxecto innovador e de futuro.

Desexamos moita sorte ao alumnado de sexto que inicia unha nova andaina no Instituto. Agardamos que os seus esforzos sexan de proveito e se vexan recompensados cunha morea de éxitos.

Remata outro curso académico coas merecidas vacacións e adentrámonos nun tempo de lecer e descanso coa solapa das verbas rendida de agarimo, adiviñando un verán fermoso e cheo de alegrías multiplicadas para toda a Comunidade Escolar.

*Revista: Esperpento Nº 35*

*Año de publicación: 2015*

*Colabora: Comunidade Educativa de Campolongo*

*Dirección e coordinación: Equipo de Normalización  
Lingüística*

*O noso agradecemento a todos os que colaboraron na  
elaboración da Revista Esperpento*

**EDL DO CEP CAMPOLONGO**



# O LIBRO MÁXICO

Era unha mañá soleada de xuño; Carla estaba no seu cuarto vestíndose. Como facía calor, púxose un vestido rosa que, según ela era o máis bonito do mundo. De súpeto a través da ventá viu un paxaro branco con corazóns vermellos, igualiño que o do seu libro "O paxariño de Xoán". Non lle fixo moito caso, xa sabía que fora unha imaxinación súa.

Ao saír á rúa, viu outro paxaro igualiño ao anterior, e cando chegou ao parque volveu a velo. Que raro !

Estaba nesas cando, de súpeto alguén lle di:

-Perdoa... non verías un paxariño branco con corazóns, coma no meu libro, non ?

Carla non o podía crer, era Antonio Paz o escritor de "O paxariño de Xoán ". Entón respondeulle :

-Si, fai uns minutos vin un.

-Xenial !! Perfecto !! Fabuloso !

Sabedes por que se alegraba tanto ? Pois porque ese paxariño tan, tan bonitiño podía causar enfermidades moi raras, pois ese animaliño saíra do seu libro máxico, que o que escribías nel facíase realidade.

-Como mola o libro, podo velo? - preguntoulle Carla. Entón; Antonio sacou do seu peto un libro pequeniño e díxolle:

-Ves? Este é o libro.

E cando Carla o ía tocar...

-Carla desperta!!

Todo fora un soño.



Sara García 4ª





# PETRA E A COCIÑA

Petra é unha nena de 12 anos, lista, ollos preciosos, gústanlle os xogos, os deportes, os "Rolling Stones" ... pero o que máis lle apaixona é a cociña.

Cociña de todo, do doce ao salgado.

A principios de verán Petra soubo que a televisión convocaba un "casting" para "MasterChef Junior" e, entusiasmada, pediu aos pais que a levasen, mais estes dixeron que non.

Esa noite Petra non puido durmir, esperta pensando como podería conseguir que a deixasen ir. Ao día seguinte Petra intentouno outra vez pero, de novo, estes fixeron por desanimala, dicíndolle que non estaba tan ben preparada coma outros nenos. Nese momento Petra pensou que debía de adestrarse moi duro nesas semanas que tiña antes do "casting". Petra pasaba os días á procura de receitas e logo as cociñaba: salmón ao forno, biscoito de laranxa ...

O 30 de agosto os seus pais non estaban nada convencidos, pero ao final cederon ás ilusións de Petra. Todos foron en coche a Madrid. Petra estaba tan nerviosa que parecía un flan. Para o "casting" tiveron que levar un prato e alí dispuñan de 20 minutos para empratalo. Petra fixera un brazo de xitano recheo dunha variedade de verduras. Despois de empratar persoas expertas na cociña comezaron a catar os pratos. A seguir elixiron os 25 mellores e repartiron as culleres entre os 300 nenos e nenas. E a Petra déronlle unha culler!! A nai quedou marabillada. Vaia sorpresa levou.

Ás dúas horas tiveron que volver a cociñar. Esa proba nacería dunha caixa misteriosa. Levantárona e había ovos. Petra fixo unha tortilla de patacas con chourizo e cando a rematou estaba moi contenta do resultado.

Pola noite a familia regresou á Coruña e dous días despois no correo había unha carta. Dentro poñía:

Petra, benvida a "MasterChef"!!



Carolina Munaiz e Belén Paz 6º C




## O OUTONO

Chegou o outono  
e eu morro de sono.

As follas voaban  
e o chan adornaban.

O vento ventea  
no val e na aldea.

Pilar A. 3º A



## O MAGOSTO

A min o magosto  
gústame moito.

Fun ao castiñeiro  
que hai no outeiro.

Castañas collín  
e para a casa corrín.

Cómoas asadas  
se non están queimadas.

Sofía Montes 3º A







# O MAGOSTO

O Magosto é unha festa tradicional de Galicia na que se comen moitas castañas. Sempre se celebra en outono.

Este ano, no colexio, tivemos que atrasalo, por mor da choiva, ata o luns 17 de novembro. Comezamos a festa cunha introdución a cargo dalgúns alumnos de sexto que leron diversos textos sobre o Magosto.

Logo, o noso compañeiro Esteban interpretou algunhas melodías coa gaita e cantamos e acompañamos coa fruta as cantigas.


Máis tarde, todos os alumnos do colexio participamos en varios xogos populares, como a cucaña, os zancos, o xogo das cadeiras, o pano, a petanca, os tres pés, o paracaídas, o xogo do pau, as chapas, a corda..., que o alumnado de sexto

encargouse de preparar coa axuda do profesor de Educación Física, Nito.

Despois de xogar, fomos comer as castañas, que estaban moi boas, quentiñas e renxentes.

Todos pasámolo moi ben e gustaríanos repetilo, aínda que haberá que esperar ata o seguinte ano!

Ariadna e Julia 6º A



# Dálle á lingua



Máis de 100 alumnos da nosa escola participaron este ano no programa "Dálle á Lingua" de Onda Cero Radio, patrocinado pola Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra. A estrutura do programa comezou cos xogos de sortes que son aquelas letras con rima que se utilizan para escoller nos **xogos dos rapaces**, e rematou con **frases da campaña de oralidade** do curso anterior (13-14). E no medio deles foron tamén os seguintes temas:

- Árbores do parque de Campolongo
- Herbas aromáticas e medicinais
- Aves galegas en perigo de extinción
- Recetas con froitos ou produtos da horta galega



"Que entre, que entre  
a filla do rei  
que saia, que saia  
a do coronel."



EDNL



# Coa raqueta ao lombo



6ºA



6ºB



6ºC

Xogando a un dos deportes que máis lles gusta ós rapaces, o **BADMINTON**

Educación Física





# Os faros na costa



Un faro é unha torre de sinalización luminosa situada preto da costa ou xunta a ela, aínda que nalgunha ocasións se encontra situado dentro do mar a certa distancia da costa. Os faros están nos lugares por onde navegan os barcos. Dispoñen na parte superior dunha lámpada potente, da que a luz serve de guía.

A palabra española provén do grego pharos que á súa vez provén da illa de Faro onde estivo o famoso faro de Alejandría.

Dende o mar os barcos non só ven a luz do faro, que lles avisa da proximidade da costa, senón que se identifican polos intervalos e as cores dos feixes da luz de forma que poden saber en que punto da costa se encontran.

Alguns faros encóntranse equipados con sereas que emiten sons nos días de néboa intensa e a luz non serve.

Os modernos sistemas de navegación por satélite, GPS, quitaron importancia aos faros, pero estes seguen sendo útiles para a navegación nocturna e para verificar a posición na carta de navegación.

4ºB





# A AMETISTA

A ametista é un mineral da variedade do cuarzo. É de cor violeta máis ou menos intensa segundo a cantidade de ferro que conteña. A pesar de que é moi resistente aos ácidos, a ametista é moi susceptible á calor. De feito, ao quentala a máis de 300 °C cambia a súa cor a café pardo, amarelo, alaranxado ou verde, segundo a súa calidade e lugar de orixe.



A ametista é a variedade do cuarzo máis apreciada. As ametistas máis perfectas tállanse para xoiaría, e o resto utilízase para facer obxectos de arte. Os principais xacementos encóntranse na zona dos Urales, Alemaña, Brasil, Uruguai, Arxentina.

O nome 'ametista' provén do grego amethystos (non borracho), xa que esta pedra era considerada un potente antídoto contra a embriaguez. Segundo a mitoloxía grega, Dioniso, deus do viño e o desenfreo, pretendía a unha doncela chamada Amethystos, a cal desexaba permanecer casta. A deusa Artemisa escoitou as súas pregarías, e transformou a muller nunha rocha branca. Dioniso, humillado, verteu viño sobre a rocha a xeito de desculpa, tinguindo así de púrpura os cristais.


A ametista coñécese dende hai miles de anos, pois xa no antigo Exipto se utilizaba para crear xoias, selos persoais e talles. Na Idade Media, o cristianismo adoptou a ametista como símbolo de renuncia aos bens terreaus e castidade, e aínda hoxe lévana en forma de aneis moitos cardeais e bispos. A ametista simboliza ademais a sabedoría divina.

Mencía Lorenzo 4ºB




# A UNESCO DEBUXADA... *Sete* *Marabillas*

Do mundo moderno




TAJ MAHAL  
(India)




COLISEO DE ROMA  
(Italia)

CHICHÉN ITZÁ  
(México)


CIDADE DE PETRA  
(Xordania)



MURALLA CHINESA  
(China)



MACHU PICCHU  
(Perú)



CRISTO REDENTOR  
(Brasil)

ALUMN@S DE 2º D






# A UNESCO DEBUXADA...

## Sete Marabillas

Do mundo antigo




XARDÍNS DE BABILONIA  
(Iraq)



COLOSO DE RODAS  
(Grecia)

ESTATUA DE ZEUS  
(Grecia)




TEMPLO DE ARTEMISA  
(Turquía)



PIRÁMIDES DE GUIZA  
(Exipto) Único monumento que se conserva.



FARO DE ALEJANDRÍA  
(Exipto)




MAUSOLEO DE HALICARNASO  
Bodrum (Turquía)

ALUMN@S DE 2º D



# O Día Da



Pombas brancas  
no ceo de Pontevedra.  
Flores de cores  
a todos lle levan.  
Disgrutemos deste día  
soñando con elas.

"A paz exclúe toda resignación  
ante a inxustiza"

Caddy Adzuba  
(premio Príncipe de Asturias da Concordia).



Harmonía.

Amor e paz.

Versos de Campolongo.

Eva Mejuto Rodríguez 6º C






# A PAZ

Paz, paz, paz! Paz luminosa.  
Unha vida de harmonía  
sobre unha terra ditosa.

Paz sen fin, paz verdadeira.  
Paz que á alba se levante  
e á noite non se morra.

Tristes guerras  
se non é amor a empresa.  
Tristes, tristes.  
Tristes armas  
se non son as palabras.  
Tristes, tristes.



Belén Paz e Carolina Munaiz 6º C



## A PAZ MOVE O MUNDO

A paz move o mundo ,  
aínda que, por desgracia,  
moitas persoas non o saiban.

Isto é o que orixina as guerras  
que o único que fan é  
retardar a evolución.

Os nenos, as mulleres e os homes,  
independentemente da orixe,  
da cultura, da relixión ou  
da cor da súa pel , non queren  
guerras; a única razón é porque  
non queren sufrir nin ver sufrimento  
na mirada de ninguén.




Jorge Luis Rodríguez 6º C





# Caddy Adzuba



Precisamos dúas mans para escribir



Dúas para acariñar, dúas para aplaudir



E todas as mans do mundo para a paz



Figura de Paz: Caddy Adzuba, Premio Príncipe de Asturias. Xornalista congoleña, comprometida cos dereitos das mulleres e das nenas. Denuncia a diario a violación como arma de guerra. Frase feita en yogote por toda a escola no Día da Paz

Equipo Unesco



# O ENTROIDO

Este ano celebramos o entroido no noso colexio. Como xa sabedes, é a única festa na que podemos disfrazarnos ao noso gusto. A festa



comezou ás catro e media rematou preto das oito. Case tódolos nenos ían disfrazados con traxes orixinais. Ao principio, os alumnos de sexto de primaria, vendemos biscoitos, pasteis e bebidas para recadar diñeiro para a excursión de fin de curso. Logo, xogamos cun animador que aledou a festa. Mentres, algúns nenos e nenas xogaron no patio do colexio ao fútbol e mais ao baloncesto. Para rematar a festa, algúns pais e nais organizaron un sorteo onde sorteábanse libros e xoguetes moi interesantes.

Pasámolo de marabilla, moi ben e foi un día estupendo!!!!

Belén Paz e Carolina Munaiz 6º C





# PERSONAXES

## PARA UN CONTO

Un coello voador  
mentres voa toca o tambor



Unha andoriña tola  
fixo o seu niño nunha farola.



Unha fada feiticeira  
toma o sol na pradeira



Unha nube viaxeira  
quedou atrapada na arañeira.



Unha princesa namorada  
bica a un príncipe de madrugada



Unha bruxa enrabechada  
que ten unha diabólica mirada.



Un xigante pillabán  
leva un sombreiro de mazapán



Un can moi falanqueiro  
sempre fala co gandeiro.



Colectivo 3<sup>º</sup> C  
Ilustradora Irene Casameiro



Os nenos de 5ºD somos moi curiosos e como estivemos traballando coa entrevista decidimos facerlle unhas cantas preguntas a algúns mestres do cole. Quen serán?

Propoñémosche un xogo! Le as entrevistas e intenta adiviñar quen é mirando a foto. Non fagas trampas eh!

- ✎ **En que colexio estudaches?**
  - En Bengoetxe (Galdakao).
- ✎ **Alguén da túa familia era profesor?**
  - Si, a miña irmá era profesora.
- ✎ **Como se chamaban os teus amigos do colexio?**
  - Juan Mari, Ignacio e Jon.
- ✎ **Cal era a túa materia favorita?**
  - Matemáticas.
- ✎ **Con cantos anos empezaches a traballar?**
  - Empecei a traballar con 20 anos.
- ✎ **A que che gustaba xogar?**
  - Gustábame xogar ao fútbol e a pelota - man.
- ✎ **Eras bo estudante?**
  - Si, era bo estudante
- ✎ **Que é o que máis che gusta de ser profesor?**
  - Ver os progresos das alumnas e alumnos.
- ✎ **Sabes moitos idiomas?**
  - Galego, euskera e estudio alemán; de mozo estudiei francés e inglés para sobrevivir. Gústame o latín e o grego.








- En que colexio estudaches?**  
— C.E.P. Santa Mariña (Redondela)
- Cal era a túa materia favorita?**  
— Matemáticas.
- Como se chamaban os teus amigos cando eras pequeno?**  
— Fernando, Nacho, Kiko...
- A que che gustaba xogar?**  
— Fútbol, balonmano, hockey...
- Poderíasnos contar algunha anécdota da túa infancia?**  
— Choráballe a miña nai porque non quería ir á piscina.
- Gústache o teu traballo?**  
— Si.
- Cumpriches os seus obxectivos?**  
— Si.
- Practicabas algún deporte actualmente?**  
— Ciclismo.



- En que colexio estudaches ?**  
— Nas Doroteas.
- Cal era a túa materia favorita ?**  
— Música.
- Como se chamaban os teus amigos?**  
— Clara, Rosario e Olga.
- A que che gustaba xogar ?**  
— O brilé.
- Poderíasnos contar algunha anécdota da túa infancia ?**  
— Un día as monxas castigáronme por chegar co peto do Domund valeiro.
- Por que decidiches ser mestra de música ?**  
— Porque me gustaba a música e ser mestra.
- Se puideses cambiar de traballo, que che gustaría facer ?**  
— Ser veterinaria.
- Fuches a algún conservatorio de pequena ?**  
— Si, ao de Pontevedra.





### Como se chamaban os teus amigos do colexio?

— Olga, Carmela e Amanda. Recódoas con moito cariño.

### 🇬🇧 Cal era a túa materia favorita?

— Matemáticas.

### 🇬🇧 A que che gustaba xogar?

— Gustábame xogar ao brilé.

### 🇬🇧 En que colexio estudaches?

— Estudei no Froebel.

### 🇬🇧 Poderíasnos contar algunha anécdota da túa infancia?

— Cando eu tiña nove anos estaba saltando cun xoguete que se chamaba Saltador Gorila, caín e rompín un brazo.

### 🇬🇧 Por que quixeches ser profesora?


— De pequena xogaba aos mestres , ademais gústanme os nenos e ensinar.

### 🇬🇧 De pequena era o teu soño ser profesora?

— Si, ademais miña tía era profesora e o meu marido tamén é profesor.

### 🇬🇧 Viaxaches a algún lugar para estudar inglés?

— Estiven en Londres.



### 🏈 Onde estudaches de pequeno?

— Estudei no colexio Froebel e na Xunqueira.

### 🏈 Como se chamaban os teus amigos?

— Paco, Tutú e os meus irmáns, Sabi, Santi, e Carlos. Máis tarde viría a miña irmá Lupe.

### 🏈 Cal era a túa materia favorita?

— Matemáticas.

### 🏈 Poderíasnos contar algunha anécdota da túa infancia?

— Unha que sempre conto é que durmíamos catro nunha cama, e no tempo da matanza tamén se colgaba no cuarto o porco.

### 🏈 A que che gustaba xogar?

— Ao fútbol, ao pilla , a polis e cacos e a patinar na lama.

### 🏈 Por que quixeches ser mestre?

— Sempre me gustou ensinar.

### 🏈 Na túa familia hai algún mestre de Educación Física?


— Si, unha irmá e dous máis de adestradores .

### 🏈 Por que che gustan tanto as plantas e as árbores?

— Gústame moito a natureza e penso que é bo coñecer as herbas que nos rodean.

### 🏈 Se puideses cambiar de traballo, que che gustaría facer?

— Gustaríame ser mestre de galego ou de medio.








 **En que colexio estudaches?**


— Nas Calasancias.

 **En que instituto estudaches?**

— Valle Inclán.

 **Quen era o teu profesor/a?**

— Sor Ana.

 **Quen eran os teus mellores amigos/as?**

— Carmen e Teresa.

 **Por que decidiches ser profesora?**

— Porque sempre me gustaron os rapaces.

 **Cal era a túa materia favorita?**


— Matemáticas.

 **Sacabas boas notas de pequena?**

— Si.

 **Que materias che gusta ensinar?**

— Lingua Galega e Lingua Castelá.

 **Pódesnos contar algunha anécdota da túa infancia?**

— Cando tiña seis anos, no día de Ramos, levaba un vestido novo e fun xogar cun grupo de nenos a un campo onde había unha árbore cun bambán artesán. Subín nel e rompín o vestido, e a miña nai castigoume.



PROFESORA ROSA

**Este foi un traballo realizado por todos os nenos e nenas de 5º D.**



Desexamos que vos gustara e que teñades unhas moi boas vacacións.

Ata o ano que vén!!!





## Lectura recomendada 1

### o estanque dos parrulos pobres

A nena protagonista contará que ten un segredo moi especial e moitas e divertidas historias, como cando naceu o seu irmán, cando o avó mexeu por el, cando o avó lle contou que fora o pirata maior.. Tamén ten unha amiga que lle di cousas abocadas e un neiro chamado Tino. Ao final é triste e a vez alegre.

Fina Casalderey



Marina



Lara.

### Ditos e refráns

A boa costureira, queira non queira, sempre ten algo de señoriteira.

A muller pequeniña sempre é moaiña.

Marina Santos.

4º C





## Lectura recomendada 2

## CIPI

Cipi é un gorrión moi listo, naceu debaixo dunha tella xunto cos seus dous irmáns. Súa nai ensinoulle moitas cousas, como a Bola de lume. Cando aprendeu a voar comezou a ter moitas aventuras. Nunha delas tiña que loitar por súa vida e mais a da súa amiga. No longo tempo de cura da ferida da súa amiga comezaron a gustarse e remataron sendo mozos e tendo fillos.

Mario Lodi

Ditos e refráns.

- Anque veñan augas mil que non faltem as de abril.
  - Non firmes sen ler nin comas sen beber.
- Leyre Ma Grande Izquierdo.

4°C





Lectura recomendada 3

## Chamizo

O libro narra a historia sobre Martina, unha nena que sempre quixo ter unha mascota, pero a súa nai non lle deixa porque os animais non están a gusto nun piso. Pero un día cando ao colexio, ao tirar a goma de mascar na papelera, atopou un gato dentro dela. Martina agáchao no peto da chaqueta. Os seus profesores sospeitan algo porque está co choquetón posto na clase. No corredor dálle de correr ás agachadas. A partir de agora Martina ten un problema porque non sabe que facer co gato, que lle chama "Chamizo".

Fina Casaberreg



ILUSTRACIÓN



Marta

Jorge  
Ditos e refráms.

- Non hai feira mala: un perde e outro gana.
- O día de San Benito saí o cuco do seu sitio.

Yolanda Aramburu.

4º C





## Lectura recomendada 4

### Desde unha estrela distante

Daniela é unha nena que vai pasar uns días na casa da súa avoa antes de ir a unha nova cidade. Ao curso saer no desván da casa da súa avoa encóntrase un rato. Pero o rato tem un segredo, o rato é un alquimista. Os dous terán que ocultar o segredo ata o 21 de decembro.

Agustín Fernández Paz.



### Ditos e refráms


- O ben feito ben parece e quem o fai ben merece.
- O paxariño que é de boa casta tem a súa micheirada na Pascoa.

Rocío Ferradas

4°C



# Traballos da camelia



EDNL





# A camelia

Quero levar na melena  
 unha camelia pequena.  
 Unha camelia branquiña  
 pero tamén moi bonitiña.

Unha camelia de xardín  
 collida por min,  
 cun pouco de pena  
 para levar na diadema.

Que cheire a chocolate,  
 vaia disparate!  
 Unha camelia golosa,  
 branquiña e moi fermosa.



Uxía G. M  
 3 = a



# A FERMOUSA CAMELIA

Coa súa forma exótica  
e as súas cores destacadas  
adorna a camelia avenidas,  
paseos, rúas e estradas.



Pese aos seus abertos pétalos  
e o seu aspecto delicado  
aguanta a camelia o frío  
do inverno máis malvado.



Nin a presumida rosa,  
a graciosa margarida  
ou a lavanda olorosa  
poden tentar compararse  
con esta flor decidida,  
fermosa e moi elegante.




Ariadna Lorenzo Poncela 6<sup>º</sup>A





## Romántica flor da Camelia



Saiu na procura da lúa  
da máis fermosa das flores  
para sementala no ceo  
e mirala polas noites.

E fuches ti a elixida  
flor de elegante beleza,  
suave cor do frío inverno  
delicada e doce camelia.



Segredos de amor agochas  
mentres a choiva te peita,  
mentres te acaricia o vento  
e nacen por ti poemas.

Romántica flor da camelia  
das a máis sublime,  
radiante, fráxil, gallarda,  
deleite de quen te mira.

Ti que viñeches de oriente  
grácil e tenra camelia,  
atopaches xa por sempre

asento na Rocha Vella.

Rosalía Morlán.

Olivia Mei.  
María.  
Daniel C.

Olivia Mei.  
Adriana.  
Mónica.



4°C



Pontevedra expón  
 Románticas flores na  
 Escola de  
 Campolongo  
 Inolvidables camelias  
 Ollamos as camelias  
 Sempre están aquí  
 Antes da primavera  
 Sempre debuxamos  
 Camelias  
 Amorosas  
 Míticas  
 Están por todo o colexio  
 Lucen para nos  
 Iluminan as paredes  
 Alegrías e sorpresas  
 Sempre nos dan



**3º B**





Elegante flor  
Relucente flor  
Especial flor  
Soñas coa primavera  
Pontevedra  
Reluce contigo  
Estilosa flor de  
Cores  
Imaxinamos e  
Observamos os teus  
Sorrisos tan  
Amistosos



3º B



# AS CAMELIAS DIFERENTES


Nunha cidade moi afastada, onde so habitan camelias, un día apareceu o Cameliacirco. Todas as camelias da cidade estaban emocionadas, sobre todo as camelias bebés. No circo estaba o presentador M. R. Bob, o león Leo, o elefante Fred o mono Mario e a trompetista Tina.



Cando empezou a actuación todas as camelias aplaudiron e gritaron- O circo! Unha camelia foi a única en darse conta de que o presentador era diferente e que a trapecista tamén. A



camelia saíu fóra e os atopou, dixéronlle que xa non podían actuar máis porque non tiñan diñeiro para pagarse unha casa e que ningunha camelia os apreciaba porque non son nin humanos nin camelias coma os demais.



Entón quitáronse o disface... e eran camelias, azuis, vermellas, amarelas e de moitas máis cores. Á camelia pareceulle moi raro que fosen de tantas cores pero aínda así díxolle que se podían quedar en Cameliolanda aínda que fosen así.

María Martín 4ºD

## A CAMELIA

**A camelia  
vén no inverno  
ten moita cor  
algunhas olor.**

**A camelia  
é unha árbore  
con moitas flores  
todas de cores.**



**A camelia  
no campo está  
sempre fermosa  
moi fachendosa.**

**Na nosa exposición  
A camelia loce un montón.**


Iria Dopazo 4ºD





## A festa da camelia amarela

Cantan as flores  
todas a coro;  
brincan e bailan  
facendo corro.



Soan as xotas  
e ribeiranas,  
bailan muiñeiras,  
rascan as cunchas,  
toca o pandeiro  
e maíla gaita.



Son da camelia  
árbore extraña  
que nesta terra  
guxo raigañas,  
vindo do oriente  
ás nosas praias,  
e deu as flores  
máis apreciadas  
nesta Galicia  
e as súas Rías Baixas...



Urha camelia  
alá no horto  
tivo floritas,  
verde que azulado!  
que non son brancas  
nin son vermellas,  
tam pouco teren  
púrpas nin azais...



Esta festiño,  
ben festexada,  
é da camelia  
que ten corola  
fina e labrada  
nunha amarela  
color dourada...

-Non son hortensias,  
calas, nin folias,  
eres floritas  
que hoxe se arrollan  
ar flor todas  
desta tumba.

Lara

Daniel G

Araceli Filgueira

Yago




Luis

Rubén

Samuel

4º C

# Encontrei un soño



Maniá

Leyre

Yolanda

Alejandra


4°C





# SERES GALÁCTICOS VISITAN PONTEVEDRA

Os Krens chegaron a Pontevedra en 20 naves. Quedaron a vivir moi felices nos cadrados nos rectángulos e no rosetón de San Francisco, atopan este lugar moi acolledor.. Veñen do planeta Trunllu, un planeta que mide 1000 millóns de kilómetros. Nese planeta sempre é de noite. Consta de 1000 países e ten aproximadamente 900.000.000.000 habitantes. Todos viven en elementos matemáticos.



3º B



Os Krens ten o pelo azul, as mans en circulo e os pés cadrados. Son moi delgados e de cor granate.

Os Krens o que queren é non ter pelexas e soñan coa familia. Comen ovos fritos e dedicanse a correr pola cidade. Traballan no campo de fútbol.

Desde as súas vivendas contemplan a Praza da Ferrería, ven xogar os nenos e as nenas. Imaxinan que debaixo da praza está todo cheo de ferro. Ten bastantes problemas porque son moi patosos.



3º B







Viaxan a 300.000 Km por segundo. Tardarian en chegar a Trunllu 30 minutos non frecuentan o seu planeta porque están moi cómodos en Pontevedra.

Dedicanse a fabricar naves espaciais. Pola noite rouban o ferro que está sepultado na praza da

Ferrería para perfeccionar as naves espaciais. Pensan quedar para sempre na cidade. Gústalle relacionarse coa xente pero prefiren non participar nas actividades.



3º B





## O FUTURO DAS MÁQUINAS CHEGA A CAMPOLONGO

Os nenos e nenas de 4<sup>º</sup> de primaria do Colexio Campolongo (Pontevedra) déronlle durante estes días liberdade á súa imaxinación.

O 10 de abril do 2015 os nenos de 4<sup>º</sup> de primaria crearon unha serie de máquinas para ser avaliadas polas profesoras, e que expuxeron nunha sala á entrada do colexio.


Máquinas como: poleas, catapultas, muíños...

Usáronse só materiais reciclados como cartón, tapóns, papel e plástico.

Canta ilusión puxeron os alumnos nestes instrumentos! Sairán desta exposición moitos enxeñeiros, mecánicos e inventores ?

A exposición foi moi visitada, sobre todo polos nenos de 1<sup>º</sup> de primaria, que manipularon e xogaron moito. Estou segura de que as máquinas lles encantaron.

Penso que sería moi boa idea repetir esta actividade o vindeiro ano.



Sara García 4<sup>º</sup>A





# MAIOS 2015

Dende hai 8 anos celébrase no colexio Campolongo a tradicional festa dos maios, incorporada ao noso colexio polo mestre Xabier. É unha festa tradicional galega que se celebra o 1º de maio.

Nenos de diferentes colexios e asociacións ensinannos as creacións dos seus maios na Ferraría e cantan as súas coplas acompañadas cuns paus.

No colexio, nós estivemos practicando a tocar os paus e a cantar as cantigas compostas polos profesores Xabier e Nito, e máis outras que fixeron pais e nais.

Toda a semana estivemos traballando para ir buscar fiúncho, laranxas, pampullos, calas... e os outros días preparando para logo facer o maio. O último día colaborou moita xente e grazas a eles puidemos rematar o maio.

O venres, día 1º de maio, fomos ao colexio e alí xa estaba o maio terminado e precioso e as dez e media marchamos con el á Ferraría. ¡Todos estabamos encantados! Na Ferraría había moita xente e cando chegou a nosa quenda eramos un feixe de nervios, mais debemos facelo bastante ben, que mesmo gañamos dous segundos premios: en cantigas e en interpretación.

Todos estabamos moi contentos!! O malo e que xa nunca máis poderemos subir ao escenario, pero algún seguro que vai ir a axudar.

**Carolina Munaiz e Belén Paz de 6º C**



MAIO 2008

# MAIO

# 2015



Dámoslle a benvida ao Maio  
con este rexo cantar  
aí van as nosas coplas  
bicando alegres o ar.

Volvemos á Ferraría  
a cumprir coa tradición  
despois de entoar cantigas  
probaremos o roscón.

Mañá primeira de Maio  
mañá de encanto e ledicia  
xa se escoita a Campolongo  
no idioma de Galicia.

Queremos que o galego  
medre na oralidade  
emporiso nós pedimos  
que conserve a dignidade.

Non se muda o decreto  
do galego nas escolas  
logo falan de consenso  
e a lingua segue en cirolas.

Botarlle a culpa á familia  
pola perda de falantes  
non semella compromiso  
por parte dos gobernantes.

Traemos o noso maio  
todo esvelto e florido  
ulindo a fermosura  
loce galán e altivo.

Vén co fiúncho máis verde  
que puidemos atopar  
con ovos e con laranxas  
tivémolo que adornar.

Margaridas e pampullos  
non lle podían faltar  
as calas e as camelias  
tamén as quiño levar.

Cuberto de moitas flores  
enfastiado e criticón  
berra hoxe nesta praza  
fóra xa á corrupción.

O tellado da escola  
non aguanta as pingueiras  
cando chega o inverno  
chorrea coma as mangueiras.

En canto dá en chover  
xa temos o chan mollado  
deste xeito o corredor  
está sempre anegado.

Volveron os do Concello  
a taparlle os furados  
pero baixan pingoadas  
e seguimos esvarando.

Para evitar accidentes  
usamos o bricolaxe  
e colocamos sinais  
na pista de patinaxe.

O goberno do Concello  
ten a cidade premiada  
aínda que haxa cousas  
que non gusten para nada.

Por sermos hospitalarios  
co que vén e co que vai  
agora temos un premio  
dos emires de Dubai.

Pola vila hai rebumbio  
coa planta de compostaxe  
Lores di que é un avance  
que o lixo non viaxe.

Tanto el coma Louzán  
danlle interese xeral  
o xuntar a porcallada  
é un ben medioambiental.

Para evitar descontentos  
xa están a proxectar  
un espazo funerario  
que non vai contaminar.

E Louzán aínda di máis  
cando non quere falar  
nada lle conta á xustiza  
por chamalo a declarar.

A cheirenta non se vai  
Moreira e o seu partido  
loitan pola permanencia  
buscando o voto perdido.

Aínda temos Celulosas  
e din que non contamina  
aos da Xunta non lle importa  
que siga a bosta na ría.

A Xunta inverte en cultura  
contratando un cantante  
meten cartos a barullo  
para cousa dun instante.

Ao fillo de Julio Iglesias  
pagáronlle a factura  
enchéndolle ben o peto  
hai que ter a cara dura.

Gana máis este nun día  
que mil parados nun mes  
quedoulles a cabeza quente  
ándache o mundo ao revés.

Aquí se mide un goberno  
con política de alturas  
aínda que se pase fame  
non chegarán as axudas.



Lembren o que di Cáritas  
sobre a exclusión severa  
saberán como malvive  
moita poboación galega.

Non son "Poemas Galegos"  
como afirma o Presidente  
son miserias que en Galicia  
padece dabondo a xente.

O país vai soportando  
o mandato popular  
con promesas e mentiras  
séguemos a defraudar.

Todo é marabilloso  
para os que viven ben  
aos pillados pola crise  
non os salvará ninguén.

Como vén sendo costume  
nun ano electoral  
acórdanse dos votantes  
mirando o santoral.

Rezan para que se esqueza  
o mal que o pasamos  
a ver se quedan devotos  
e lle dan outro mandato.

Queren rematar o choio  
de pasar todo a privado  
completando o saqueo  
ata ficar espoliados.

Á sanidade tamén  
lle tocou modernizala  
antes era universal  
agora xa é privada.



# MAIO 2015



As listas do paro baixan  
con contratos á medida  
chámante por unhas horas  
e xa che arromban a vida.

E os soldos que lles pagan  
non lle dan para comer  
cando miran para o prato  
non hai nada que lamber.

O peor deste desastre  
correspóndelle ao pobre  
cando lle mexan por riba  
teñen que dicir que chove.

Recortan na educación  
sanidade e empregos  
e para ternos calados  
recórtannos os dereitos.

Para os que sobreviven  
redúcenlle as prestacións  
teñen que encherlle o bandougo  
aos señores ricachóns.

E crean un paradoxo  
de miseria e compracencias  
din que a xente mellora  
en pobreza e carencias.

Cantos dereitos perdidos  
para nos asoballar  
o pobo berra nas rúas  
non se deixa acovardar.

Mariano prometeu  
o que non ía cumprir  
e os votantes cabreados  
acúsano de mentir.

As reformas son recortes  
con subidas de impostos  
para que ningún proteste  
lei mordaza para todos.

Lei mordaza e a calar  
como nos tempos pasados  
véñlle-lo cu a carriza  
imos todos aviados.

Hai un ministro moi sabio  
que presume de xestión  
e ao das portas xiratorias  
non lle chama corrupción.

Non se lle move un pelo  
para subir os tributos  
mentres aumenta a pobreza  
non se sanciona aos corruptos.

Desta sorte os que defraudan  
poden encher os bandullos  
pois o xefe da facenda  
legalízalle os chanchullos.

É un segredo de Estado  
a lista de amnistiados  
os xornais xa dan cifras  
dos políticos pringados.

Segue sendo cuestionado  
o tema da realeza  
hai privilexios que á xente  
non lle collen na cabeza.

Tivemos cambio de rei  
abriuse unha nova etapa  
non volvemos a saber  
das aventuras da caza.

Tamén anda moi calado  
o asunto da infanta  
moitos queren que renuncie  
pero ela non se marcha.

Ao ex-rei Don Xoán Carlos  
sáenlle fillos arreo  
e quen sabe se o seguinte  
lle sairá en Ribadeo.

Os das tarxetas opacas  
foron comprando e gastando  
ata que os pillaron  
e acabaron confesando.

Mangonea e mangonea  
nada se ten aclarado  
mentres todo o que roubaron  
téñeno ben agochado.

Entramos no mes de Maio  
e achéganse as votacións  
as obras non se inauguran  
pero fanse a mogollón.

Este ano dous mil quince  
e ano de eleccións  
coidadiño a quen votades  
que non gañen os ladróns.

Alcaldes e alcaldesas  
o futuro está por vir  
pensen ben o que prometen  
pois deberano cumprir.

Pola lingua que desprezan  
polos cartos que roubaron  
porque seguen os caciques  
polo moito que enganaron.

Maio mándalles un rogo  
para arranxar a desfeita  
que devolvan o de todos  
e que vaian para a "trena".

Viñemos de Campolongo  
cantamos con ilusión  
o porvir que agardamos  
tamén depende de vós.

Ímonos a despedir  
desexando boa sorte  
e quen queira dirixir  
que non veña con recortes.



# Correlingua 2015



Alumnos/as de 1º de 2º e 3º celebramos nesta Semana das Letras Galegas a "carreira" pola lingua con outras moitas escolas da cidade.

Neste ano 2015 o Correlingua chegou á súa décimo quinta edición. O lema deste ano foi, **O Galego, a nosa creación común!**

Un lema inspirado nos versos de Manuel María, activo participante no Correlingua. Un lema que quere facer fincapé na nosa capacidade criadora como pobo, na nosa riqueza como posuidores dunha lingua propia, no feito incuestionábel de que a lingua nos une e que con ela estamos no mundo, somos visíbeis, somos nós.





EDNL
























## A casa encantada

Había unha vez unha  que estaba encantada. Un día Xoán e Mónica foron a dar un paseo polo , onde había



... Daba un pouco de medo pero Xoán e Mónica eran moi valentes. No  do  encontraron a . Chamaron ao   e a  abriuse soa, escitábanse voces. Eran duntas  , menudo susto levaron Xoán e Mónica! Pero as   só querían , así que Mónica e Xoán  as   e , e así todos os días foron a  a  das  .

### Ditos e refráns.

- As visitas dan alegría e cando marchan, máis todavía.
- Se chove o día de San Pedro Fiz, Castañas furadas e nabos ruins.

Laura

Larisa

Marina 4°C

4°C



# LETRAS GALEGAS 2015

## XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE



Xosé Fernando Filgueira Valverde naceu o 28 de outubro de 1906 na pontevedresa praza do Peirao. Fillo dun médico, Filgueira Valverde cursaría as carreiras de Dereito, Filosofía e Letras e Psicoloxía; e en 1935 casou con María Teresa Iglesias, de cuxo

matrimonio tivo 5 fillos.

Xosé Fernando Filgueira pronto acreditou a súa inclinación cultural, sendo un dos cofundadores en 1923 do Seminario de Estudos Galegos e participando en 1927 na creación do Museo Provincial de Pontevedra, do que sería Director entre 1942 e 1986.

Mestre, entre outros, no Instituto de Pontevedra (hoxendía chamado "Sánchez Cantón"), do que foi Director desde 1946 e ata a súa xubilación, Filgueira Valverde sería coñecido no ámbito intelectual galego como "o vello Profesor".

No plano da actividade política, Xosé Fernando Filgueira foi membro do Partido Galeguista, Alcalde de Pontevedra entre 1959 e 1968 e Conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia no bienio 1982-1983.

Ademais, e entre tantísimas outras ocupacións, foi membro da RAG (na que ingresaría en 1941 cun discurso sobre a épica na





# LETRAS GALEGAS 2015

## XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

Galicia medieval), Director do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos e Presidente do Consello da Cultura Galega desde 1991 ata o seu pasamento en 1996.

En 1984 recibiu a Medalla Castelao, máximo recoñecemento honorario outorgado pola Xunta de Galicia.

Canto á súa obra literaria, é de salientar que cando tiña 30 anos escribiu unha farsa para rapaces titulada "Agromar"; máis adiante fixo un libro



de relatos breves e temas populares, chamado "Quintana Viva", que contaba con debuxos de Castelao e onde os cativos son os protagonistas.

A súa primeira obra en narrativa foi "Os Nenos" (1925). Dez anos despois, en 1935, comezou a organizar unha escolma da poesía galega de todos os tempos, que recollería en 9 volumes. Como articulista publicou innumerables colaboracións, quedando recompiladas boa parte delas na serie Adral.

En 1996 participou na obra colectiva "Antoloxía do conto galego de medo" co conto "O medo".

Belén Paz e Carolina Munaiz 6°C



# XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

## O último gran polígrafo de Galicia Día das Letras Galegas 2015

### Biografía:

**Xosé Fernando Filgueira Valverde**, naceu en Pontevedra o 28 de outubro de 1906 e finou na mesma vila o 13 de setembro de 1996.

Foi historiador, arqueólogo antropólogo e escritor polígrafo galego, de abundante produción literaria e humanística. Realizou estudos de Dereito, Filosofía e Letras (alcanzando o título de doutor) e Psicoloxía nas Universidades de Santiago de Compostela e Zaragoza. Pola súa dedicación ao ensino, recibiría o alcume do "vello profesor".



Co-fundou o Seminario de Estudos Galegos, dirixiu o Instituto do Padre Sarmiento e o Museo de Pontevedra. Presidiu o Consello da Cultura Galega e foi membro fundador do Seminario de Estudos Galegos, director do Museo de Pontevedra, alcalde da mesma cidade e, xa na democracia, conselleiro de Cultura.

Foi membro da Real Academia Galega, ingresando o 27/07/1941 a proposta de Federico Maciñeira y Pardo de Lama, Ángel del Castillo López e Alejandro Barreiro Noya. Actualmente a súa cadeira está ocupada por Francisco Fernández Rei.



Dedícaselle o Día das Letras Galegas polo seu traballo divulgativo a prol da lingua e da cultura galega. Trátase dunha figura que suscita controversia e ao mesmo tempo resulta un persoeiro fundamental no decorrer da cultura e literatura galegas ao longo do século XX. Firmemente comprometido na defensa e promoción da nosa cultura, o legado intelectual de Filgueira Valverde constitúe, pola súa amplitude e calidade, un dos máis importantes da segunda metade do século XX.



# XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE



## O último gran polígrafo de Galicia Día das Letras Galegas 2015

### Obras:

Ten unha obra moi extensa, tanto científica coma literaria, fundamentalmente divulgativa, que supera os trescentos títulos entre libros e folletos, máis de mil artigos en xornais e revistas e máis de 1.600 conferencias, en galego e en castelán.

### Obra en galego:

A primeira obra narrativa foi a recolleita de narracións breves: *Os nenos*, en 1925, recollida despois en *Quintana Viva*. Como articulista publicou numerosas colaboracións en diferentes medios, quedando recollidas todas elas na serie *Adral*, editada entre 1979 e 1996.

### Recoñecementos:

Foi amplamente recoñecido con premios, como a Cruz de Honra de San Raimundo de Pañafort, a Gran Cruz da Orde do Mérito Civil, a Medalla de Ouro da Cidade de Pontevedra, o Premio da Deputación da Coruña, a Medalla de Ouro da Provincia de Pontevedra, a Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes, a Medalla Castelao, o Premio Otero Pedrayo, o Premio Fernández Latorre, o Premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo. Foi nomeado Galego Egrexio pola Fundación Premios da Crítica, doutor honoris causa polas universidades de Santiago de Compostela e de Vigo. Foille outorgado o Premio Nacional de Historia de España, de xeito colectivo, por *España: Reflexiones sobre el ser de España*. Días despois do seu pasamento o Centro Superior Bibliográfico de Galicia pasou a denominarse *Centro Superior Bibliográfico de Galicia Xosé Fernando Filgueira Valverde*. En 2007 foi nomeado Fillo Predilecto da Provincia de Pontevedra. Levan o seu nome rúas en Pontevedra, Santiago de Compostela, Monforte de Lemos e Pastoriza e a Fundación Filgueira Valverde foi clasificada, en 1984, como de interese galego.



Eva Mejuto Rodríguez e Sofía Muíños Pérez 6º C



# Homenaxeando a Filgueira Valverde

A VELLO

PROFESOR



Xosé Fernando Filgueira Iglesias



Iria 4ºB

Vin chegar o navío

Da ribeira do río, vin chegar o navío,  
 ai amor, que me trouxo o sino, da ribeira do río,  
 vin entrar o trincado, ai amor, que me trouxo o fado.  
 Vin saír o navío, e chegar o desvío, ai amor, a levar amigo.  
 Vin marchar o trincado, entrar o desengano,  
 ai amor, a roubar amado. Para longo desvío, non ei mar,  
 nin navío, nin amor, nin sabor do río. Para longo desengano,  
 nin auga nin trincado, nin amor, nin sabor do alto!

Ana D. 5ºD

EDNL



# Investigando as árbores



6º C - Castiñeiros de indias



5º D - Tileiro e Moreira ao lado da igrexa



5º A - Cerdeira xaponesa florida



3º B - Magnolios



EDNL



2º C - Magnolia liliflora





# Carreira de Orientación



Este ano estreamos "Carreira de Orientación" co TSAAFD do IES Sánchez Cantón. Foi unha carreira moi divertida. Tivemos que buscar 10 puntos guiándonos cun mapa e logo contestar a unhas preguntas en cada un dos puntos (prazas) para poder seguir avanzando. Todos os grupos fixemos o percorrido completo e todos aprendemos un pouco máis sobre o patrimonio da nosa cidade.

E. F.





# Orientación Patrimonio visitado



EQUIPOS



EDNL





# QUERO IR A LONDRES

Eu sempre lle dicía a miña nai que quería ir a Londres e hai un ano e medo empezamos a aforrar, e como creo que agora temos suficiente diñeiro vou facer plans.

Eu vouno pasar xenial porque me encanta viaxar, sexa onde sexa, tanto se é a ver un partido do meu irmán, coma se é a visitar a miña avoa...



Os meus irmáns queren ir ao estadio do Chelsea, tamén queremos ver a tenda de xoguetes máis grande do mundo, a nora máis grande de Europa.


Pasaremos, en fin, seguro que o imos pasar xenial. Vaime dar moita pena subir ao avión para volver, pero sempre é mellor gozar do presente que pensar no futuro.

Carmen 4ºB

# EXISTENCIA

Todo empezou cando o Big Bang e fixo que todos os obxectos de materia escura se xuntasen e co efecto da gravidade volvéronse xuntar. O mesmo pasou coas estrelas que xuntas deron lugar ás galaxias. A nosa é a única que ten planetas.

A Terra ao principio estaba chea de volcáns, o fume dos volcáns se converteu en nubes e a chuvia deu lugar aos primeiros océanos. Apareceron as algas e despois os dinosauros acuáticos, con posterioridade os terrestres que foron os reis da terra. Ata que un meteorito deu volta á historia e a evolución levou ao homo sapiens. Pero agora ser máis listo está a destruír a terra. debemos deixar de destruíla.



Uxío 4º B



# VI Edición Xadrez de Xadrez Na Rúa



**Xogo:** Comendo, en catro movementos tes que quedar cunha soa ficha.



Na VI Edición do Xadrez na Rúa, que se celebrou na Praza de España, participaron máis de 300 alumnos dos CEIPs : Manuel Vidal Portela, Xunqueira II , do CEP Campolongo e do colexio S. José.

Estes centros estamos a colaborar coa Escola de Xadrez de Pontevedra para que este deporte siga sendo unha boa alternativa tanto lúdica como axuda para un bo desenvolvemento cognitivo. lúdica tanto como actividade extra-escolar como vivo na cidade de Pontevedra.

**Educación Física**



# 2º Premio en Pontenciencia



Despois de gozar dun día xogando coa ciencia, levamos a agradable sorpresa de recibir o **2º Premio nesta II Edición do Pontenciencia**. O nivel foi moi alto porque había investigacións moi interesantes e curiosas, ademais de ser oito os centros de Pontevedra que se presentarón: Froebel, San Martiño, Xunqueira I, Marcos da Portela, Pontesampaio, Campañó, San Benito de Lérez e nós, Campolongo. Non foi nada doado pero coido que souberon valorar o número de alumnos que participaron na nosa investigación (75), o tempo que nos levou e a cantidade de información traballada, xunto, por suposto, coa presentación tanto dos traballos como a exposición dos mesmos por parte dos rapaces. Os nosos parabéns ós participantes e as nosas grazas a quenes fixeron posible que esta experiencia fora adiante.

EDNL



# Pontenciencia As investigacións



Plano cole CEP CAMPOLONGO  
COLE: 54x32 m



## PLANO DO CEP CAMPOLONGO



**ARBORES investigadas:** 1-Abeto 2-Alciprés de Portugal 3-Tuias 4-Pitosporo 5-Freixo 6-Loureiros 7- ? 8-Leptospermo 9-Bidueiro 10-Loendro 11-Cedro 12-Piñeiro de Oregón 13-Magnolia 14-Evónimo 15-Hibisco 16-Camelia 17-Liquidambar 18-Sabugueiro 19-Cotoneaster 20-Catalpa 21-Alciprés 22-Palmito 23-Pradairo 24-Maceira 25-Marmeleiro 26-Abeleiras 27-Cheflera 28-Eupatorio 29-Piricanta 30-Aucuba 31-Hortensias 32- Chopo

### HIPÓTESES:

**Pensamos que a maioría (90%) das árbores e plantas da escola eran :**

6ºA- **Autóctonas**

6ºB – **Non comestibles**

6ºC- **Non medicinais**

**CONCLUSIÓNS:** As hipóteses resultaron erróneas, sobre todo a 2ª e a 3ª **porque si que hai unha porcentaxe grande de comestibles e moito máis de árbores e plantas medicinais.**

Sendo estas de uso perigoso se non se coñecen ben porque moitas son tamén tóxicas se non se cocen, por exemplo, ou outras son comestibles só algunha parte da planta

**PLANTAS investigadas :** A-Azalea B-Lirios C-Roseiras D-Abelias E-Clavelina, Fiúncho G-Herba Carmín, Trevo, Celidonia, Dente de León, Fumaria, Leitrega, Amor de home, Parietaria, Aros, Herba Carniceira, Malvas, Vinca H-Xeranio dos camiños, Labazas, Campanillas ...

### RESULTADOS:

Total **ÁRBORES** investigados: **28**

Autóctonos: 12 = 42, 75 %

Alóctonos: 16 = 57, 25 %

Comestibles: 16 = 57,25 %

Medicinais: 24 = 85,70 %

### RESULTADOS

Total **PLANTAS** investigadas: **52**

Autóctonas: 33 = 63,46 % (Europa)

Alóctonas: 19 = 36, 54 %

Comestibles: 27 = 51, 92 %

Non comestibles: 48, 08 %

EDNL



# Bicicleta co Medioambiente



O 31 de maio a Anpa do CEP Campolongo, como todos os anos, celebrou a XIII Edición da Festa da Bicicleta.

Houbo unha boa participación e a carreira foi moi divertida. Ó remate houbo un pequeno refrixerio e camisetas doadas polo concello para todos os participantes ademais sorteáronse diversos agasallos e contouse coa actuación dun animador.

Os alumnos de sexto e os seus pais organizaron un posto de bebidas e bocatas para ofrecer aos participantes e así recadar fondos para a excursión de xuño.







# CÓNTAME UN CONTO

## Un día dos que vive Manolito

Bos días, chámome Manuel aínda que os meus amigos chámame Manolito. Teño dez anos e vouvos a contar como é un dos días que eu vivo:

Levántome ben cedo escoitando Vivaldi, gústame moito a súa famosa composición AS 4 ESTACIÓNS. Gústame moito a música, toco o violín , a fruta e a trompeta. Despois de practicar voume ao colexio, alí están os meus dous mellores amigos: Marcos e Tomás. Tomás é sempre o primeiro en chegar e cando Marcos, mais eu chegamos el sempre nos di : Debeuvos de caer o zapato pola fiestra. E todos botamos a rir.



O outro día non fixen os deberes e a miña profesora Lurdes enfadouse moito. O meu almuerzo favorito é o bocata de chourizo, no recreo gústame perseguir as gaivotas, e as pombas agradécenmo porque se non ...

Ao volver á casa as 2:00 estábame esperando a miña tía Marina , traía unha bolsa. Que habería dentro? Ao rematar de comer fun xogar co meu can Fuco, estiven no xardín moitísimo tempo. Entón pedinlle a miña nai (Carolina) que *enchera* un bol con mazás e auga, que me dera unha culleriña de azucre, e que por favor chamara ás nais de Marcos e Tomás.

Cando chegaron Marcos e Tomás esmagamos as mazás, mesturámolas co azucre e despois de remexer, remexer e remexer saíunos unha excelente compota de mazá, como non sabiamos se era comestible démoslla ao can.

Marcos e Tomás marcháronse e por fin a tía sacou o que había na bolsa: ERAN XEADOS DE CHOCOLATE! Despois de tomalo xeados, deiteime e durminme pensando: O mellor xeados que probei na miña vida! E soñei que todos os nenos do mundo tiñan un igual.

Clara Puy 3°C



# Baloncesteando



Promocionando o deporte co **CAB** (Club Amigos do Baloncesto de Pontevedra)

**Educación Física**



# BALONCESTO 3x3



XIV Edición  
Arxil 3x3



6ª-A-B-C



Nesta XIV Edición do Arxil 3x3 participaron máis de 1000 alumnos a pesar das malas datas desta xornada pois todos andamos a cen por ser a recta final do curso. O día axudou moito para pasar un bo momento de xogo e de relacións cos compañeiros. Os nosos 20 equipos este ano levaron nomes de árbores e plantas: Abelia, Abutilón, Muruxa, Celidonia, Chantaxe, Lingua de boi, Bledo, Belorita, Buxo, Cimbalaria, Estraloque, Belorita, Fiúncho, Fumaria, Labaza, Pampullo, Sabugueiro, Lantana, Leitarega e Mentraste.

Educación Física





## Galicia

Galicia é un outono puro e bon,  
 un río que decore mansarmente,  
 lume abrasador, fértil semente,  
 futura presentido e en sazón.

E foi labrando o tempo - luz, paixón  
 o seu sez escuro e transcendente,  
 luíndo o corazón de toda a xente  
 e conformado a terra e o terrón.

Galicia é unha agarda moi madura  
 que non permite prazos, dilacións,  
 estancamento, fres ou coutadura.

¡ Abonda xa de laios e cancións!

¡ Non queremos ser ríos de tristura  
 correndo pola vida a tropezóns!

Andrés

Miguel

Mónica

Noelia

Manuel María

4°C







## NON TEÑAS MEDO

Se crees en pantasma  
tamén en esqueletes

Non teñas medo  
Que eu te protexo.

Pero iso non existe  
Como podo dicircho  
Estate tranquilo  
e vén comigo.

Se segues tendo medo  
o único remedio  
será non pensar  
nos pesadelos.

Teo Marchante-4ºD

## O MEU SUPERHEROE

O superheroe non ten medo  
el todo o día está ledo.

Por todos os sitios fai marabillas  
salvando cans e cerrando billas,  
axudando aos nenos a escribir ben  
axudando ás nenas a contar ata cen.

O superheroe non ten medo  
salva á xente sempre moi cedo.

Por todos os sitios fai marabillas  
parando o volcán dunha gran illa,  
detendo mareas e salvando baleas  
recollo tesouros entre grandes  
bateas.

O meu superheroe sempre está aquí  
sempre me salva sempre a min.

Leo Iñarrea-4ºD



# Xornada Atlántica









NON QUEREMOS UN MEDIO AMBIENTE, QUERÉMOLO ENTEIRO



**Equipo Unesco**

Os seleccionados por sorteo para a Xornada Atlántica participaron na elaboración dun **SOS colectivo en defensa da natureza** onde se corearon frases relacionadas co medio ambiente. Unha das frases da nosa escola foi "Non podemos ser o cangro do planeta". As outras frases fixéronse coa axuda dos xestos do yogote.



# Arte efímero e medio ambiente



A primeira actividade da mañá na Xornada Atlántica foi traballar o Arte Efímero no debalo da marea, combinado varias figuras de dous artistas plásticos do atlántico, un galego (Jorge Barbi) e outro cubano (Ana Mendieta), traballando así a interculturalidade. Axiña se desfizeron co abalo da marea mentras xogabamos preto das mesmas. Aquí temos dúas das figuras. No blog da Unesco podes ver máis : <http://reqau.blogspot.com/es/>



Equipo Unesco



# GREGUERIAS



O sol é un balón amarelo cun colar de pinchos.



A lúa é o botón prateado na noite escura.



A lúa é o C que alumea a noite.

A lúa é o sorriso da escuridade.



O ceo é o chan arriba.

O oito é o reloxo de areia dos números.



A Terra é a pelota do mundial.

As nubes son grandes cantidades de algodón de azucre.



Os garfos son os peites dos espaguetes.

Unha illa é un barco xigante inmóbil.



A mochila é a casa dos libros.

A F é a E coxa.



A F é unha escaleira rota.



O conto é a casa da fantasía.



A lúa é o berce do ceo.

A lúa é o skate park do ceo.



A lúa é unha galleta mordida.

O conto é a viaxe da casa á fantasía.











# GREGUERÍAS DE 4º D

- A árbore no inverno é coma un paxaro sen plumas.
- A letra "i" ten unha mosca no nariz.
- O sol no ceo é a xema dun ovo.
- A serpe é a liana da selva.



- O arco da vella está feito con pinturas.
- O estoxo é o obxecto máis comellón do mundo.
- O estoxo é máis comellón ca letra "O".
- A ra da a color verde ao campo.

- O balón é unha nave que cando lle das unha patada despega.
- Á aspiradora encántanlle as peluxes cocidas e o peixe prata esmagallado.
- Ela ten cordón umbilical.
- O muíño de vento é o catavento.
- As nubes están feitas de algodón de azucre.



- A quenlla martelo é o mellor Carpinteiro.
- Italia é a bota do país.
- A letra "O" é moi comellona.
- O touro é o garfo do mundo.
- A chuvia é a ducha do ceo.





# SOPA DE LETRAS

X	R	P	O	Ñ	G	C	A	R	M	E	N	I	R	S
A	Z	X	V	P	M	R	P	B	N	O	P	Q	A	T
B	S	A	R	T	L	Ñ	P	D	S	G	U	L	R	U
I	X	C	L	B	V	F	S	M	E	D	R	L	S	P
E	Q	O	U	I	R	D	E	A	B	Q	C	N	I	B
R	A	S	D	F	C	P	O	R	A	L	Ñ	E	R	M
Q	P	I	U	T	E	I	Q	Í	S	Z	M	X	A	A
D	M	E	P	P	G	R	A	A	T	U	I	P	L	B
O	I	C	Ñ	A	D	U	Q	X	Z	E	S	I	R	E
E	L	A	Q	E	C	C	G	M	B	V	I	L	G	L
L	I	R	T	I	Ñ	H	M	N	A	C	X	A	Z	S
E	Q	M	R	R	F	A	U	Ñ	Z	R	O	R	I	O
N	D	E	Z	I	U	T	A	V	A	Ñ	I	E	O	F
A	F	L	E	A	H	N	I	T	O	M	N	S	H	V
Ñ	L	A	U	B	I	Z	X	Ñ	D	C	V	D	O	B
C	Ñ	B	P	F	E	R	N	A	N	D	O	B	Ñ	L

Pescuda os seguintes nomes:

IRIA

ELENA

FERNANDO

SEBAS

MILI

MARÍA

XABIER

MARISOL

NITO

PIRUCHA

MABEL

SIRA

ALICIA

CARMELA

CARMEN

MISI

PACHÚ

PILAR

Belén Paz e Carolina Munaiz 6º C





# SUDOKUS

## Nivel 1

		4		1	5			7
9	7							
5		3					9	
		6		7				2
		7	1		9	4		
1				4		3		
	3					9		4
							2	6
2			8	5		7		

## Nivel 2

1							4	
9	8				4	2		
		5			7	9		8
				6			9	
		9	5		8	1		
	3			1				
5		6	8			7		
		2	4				1	5
	1							9

Belén Paz e Carolina Munaiz 6ºC



CONCELLO DE  
**PONTEVEDRA**  
CONCELLARÍA DE EDUCACIÓN

ANPA San Xosé CEIP Campolongo  
Avda. Xeneral Rubín, 3 36001 Pontevedra. TLF. 635651616  
CIF: G36018364 sanxosecampolongo@yahoo.es



## MEMORIA DO CURSO 2014- 2015 DA ANPA DO CEP CAMPOLONGO

FAMILIAS SOCIAS: 331

ALUMN@S SOCI@S: 504

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Fóra do centro:

PISCINA: 1º Cuatrimestre: asistiron 33 alumn@s. 2º Cuatrimestre: asistiron 24 alumn@s.

No propio centro, participaron 162 alumn@s nas seguintes actividades:

- TEATRO: asistiron 8 alumn@s.
- DEBUXO E PINTURA: asistiron 11 alumn@s.
- BALLET: asistiron 9 alumnas. BAILE MODERNO: asistiron 5 alumn@s.
- XIMNASIA RÍTMICA: asistiron 11 alumnas.
- PATINAXE: asistiron 32 alumn@s.
- TAEKWONDO: asistiron 12 alumn@s.
- BALONCESTO: asistiron 6 alumn@s. TENIS: asistiron 7 alumn@s.
- FÚTBOL: asistiron 18 alumn@s. FÚTBOL SALA: asistiron 8 alumn@s.
- ATLETISMO: asistiron 14 alumn@s.
- TALLER DE COMUNICACIÓN EN INGLÉS: asistiron 5 alumn@s.
- MANUALIDADES: asistiron 5 alumn@s.
- NEUROMOTIVA (ÁBACO): asistiron 11 alumn@s.

FESTAS ORGANIZADAS POLA ANPA:

- FESTA DO NADAL E VISITA DE PAPÁ NOEL... FESTA DE SAMAÍN
- FESTA DO ENTROIDO.
- XIII MARCHA CICLISTA CELEBRANDO O DÍA DO MEDIOAMBIENTE O 31 DE MAIO.

COLABORACIÓN CO CEP CAMPOLONGO NAS ACTIVIDADES:

- MAGOSTO. EXALTACIÓN DA CAMELIA. FESTA DOS MAIOS.
- SUBVENCIÓN DE ORLAS E BANDAS DE GRADUACIÓN DOS ALUMNOS SOCI@S DE SEXTO
- FESTA FIN DE CURSO. REVISTA ESPERPENTO

OUTRAS COLABORACIÓN:

- CAMPIONATO DE FÚTBOL ORGANIZADO CONXUNTAMENTE COA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "SAN XOSÉ DE CAMPOLONGO"

SAÍDAS E VISITAS CULTURAIS SUBVENZIONADAS PARA SOCI@S DA ANPA:

- Auditorio Centro Social Novagalicia Banco- Alumnos 5º e 6º de primaria.
- Teatro Principal Pontevedra- Alumnos de 3º de primaria.
- Auditorio Centro Social Afundación - Acción Cultural Pontevedra. Alumnos 4º de primaria.
- Pazo da cultura.-Alumnos de 1º, 2º, 3º e 4º de primaria.
- Viaxe a Porto (Portugal).- Alumnos de 4º de primaria.
- Saída a Lourido, 50 alumnos de diferentes titorías. Saída a Campo Lameiro, alumnos de 2º.
- Saída a Santiago de Compostela, alumnos de 5º e 6º. Saída a Apípolis, alumnos de 1º.
- Saída a Casa do Patrón en Doade, alumnos de 4º. Saída a Illa de Ons, alumnos de 3º.





# CEP CAMPOLONGO

PONTEVEDRA

## 6º PRIMARIA

2014

2015







ONTE, HOXE, SEMPRE:

L	I	N	G	U	A	
P	A	I	S			
F	A	L	A			
S	E	R	M	O	S	
O	R	G	U	L	L	O
N	O	S	O			

EN GALEGO



*José Filgueira Valverde*

